

BASES DE CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACELERACIÓN DA COMERCIALIZACIÓN DE SOLUCIÓNS INNOVADORAS PARA A LOITA CONTRA IMPACTO DA COVID-19:

PROGRAMA CONNECT-19

1. CONTEXTO DO PROGRAMA

Dende a Xunta de Galicia, no contexto da situación provocada pola pandemia de COVID-19, quérese dar respostas a través da investigación, o desenvolvemento e a innovación.

O impacto xerado pola pandemia de COVID-19 en todos os ámbitos da sociedade vén provocando unha situación sen precedentes na que a capacidade de resposta das empresas innovadoras galegas pode traducirse en solucións a curto e medio prazo que non deben quedar atrás por falta de apoio.

Neste momento é máis necesario que nunca acelerar a transferencia da innovación ao mercado para a xeración de valor económico, emprego e solucións ás novas demandas sociais e industriais.

O marco dun mercado con novas dinámicas, demandas alteradas ou novas e canles de venda (ex. online), abre tamén novas oportunidades de negocio para PEMES xa con presenza no mercado pero que amosan un alto potencial de crecemento baseado en solucións innovadoras fronte á COVID-19 e que queren explotalo para multiplicar o seu negocio de xeito competitivo.

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) e Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (Tecnópole) posúen experiencia previa en metodoloxías de aceleración da comercialización de produtos e servizos innovadores a través das 3 convocatorias do Programa Agrobiotech Innovación (2015, 2017 e 2019), un programa de aceleración especialmente dirixido ao impulso e o crecemento sostible das PEMES innovadoras galegas en tres sectores estratéxicos: biotecnoloxía, agroalimentación e biomasa. Agrobiotech Innovación beneficiou a 33 empresas, contribuíu ao lanzamento de 70 novos produtos ou servizos cun incremento de negocio estimado de máis de 40 M€ e mantivo ou xerou máis de 250 empregos.

Neste contexto a Axencia Galega de Innovación (GAIN) en colaboración con Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (Tecnópole) lanzan o Programa de Aceleración da comercialización de solucións innovadoras para a loita contra o impacto da COVID-19, en adiante Programa Connect-19 ou o Programa.

2. OBXECTIVO DO PROGRAMA

O Programa Connect-19 ten como obxectivo **impulsar e fortalecer o acceso ao mercado de solucións innovadoras do tecido empresarial galego que poidan contribuír a reducir o impacto social e económico provocado pola enfermidade COVID-19**. Trátase polo tanto de:

- Unha aceleradora **ESPECIALIZADA** en solucións fronte ao novo contexto xerado pola COVID-19. Co obxectivo de **aproveitar a oportunidade de mercado** e dar resposta á

demanda social e industrial asociada, posicionando o tecido empresarial galego como referente a nivel global.

- Unha aceleradora de **COMERCIALIZACIÓN**. Estas solucións teñen que ter un carácter de **implantación inmediata** no mercado, posto que o que se pretende conseguir é o **fortalecemento da comercialización no mercado no menor tempo posible**.

Coa participación no Programa, aspírase a que as empresas beneficiarias acaden os instrumentos necesarios para:

- **Validar a viabilidade** da saída ao mercado das súas solucións innovadoras que poidan contribuir á loita contra a COVID-19.
- **Impulsar a comercialización** destas solucións reducindo os tempos da súa dispoñibilidade no mercado en condicións axeitadas.
- **Reforzar a consolidación** destas solucións no mercado, e cunha visión de crecemento escalable e sostible a medio prazo.
- **Fortalecer o seu modelo de negocio**, e incrementar de xeito xeral a súa **capacidade de adaptación** aos cambios baseando o seu modelo de negocio no desenvolvemento e na innovación.
- **Incrementar a atracción de financiamento externo**, maximizando a captación de fondos públicos ou privados.

3. EMPRESAS BENEFICIARIAS

Serán beneficiarias deste Programa **ata un máximo de 20 PEMES galegas** innovadoras e/ou de base tecnolóxica pertencentes a calquera sector que cumpran os seguintes requisitos:

- Contar cun produto ou servizo innovador, que poida contribuir á loita contra o impacto producido pola COVID-19 e que sexa susceptible de incorporar de forma inmediata ao Mercado (nivel de madurez tecnolóxica TRL9¹) ou que se encontre xa no Mercado pero necesite impulso para o seu posicionamento.
- Ter o domicilio social ou algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter facturación nos anos 2019 ou 2020.
- Non encontrarse incurso en ningunha das prohibicións ás que fai referencia o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

¹ TRL 9 – Sistema real probado nunha contorna operacional (fabricación competitiva no caso das tecnoloxías facilitadoras clave -KET- ou no de espazo)

- Ter a condición de PEME; Segundo o [Anexo I do Regulamento \(UE\) nº 651/2014](#), consideraranse PEMES as empresas que ocupan a menos de 250 persoas e o seu volume de negocio anual non excede de 50 millóns de euros ou o seu balance xeral non excede de 43 millóns de euros. Dentro das PEMES, considerarase pequena empresa aquela que ocupa a menos de 50 persoas e o seu volume de negocio anual ou balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros. Para o cálculo destes efectivos deberán contemplarse as indicacións incluídas nos artigos 3, 4, 5 e 6 do citado Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.
- Trátase dunha “empresa autónoma”, segundo o establecido no [Anexo I do Regulamento \(UE\) nº 651/2014](#)
- Cumprir a norma de minimis segundo o disposto no [Regulamento \(UE\) 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013](#), relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, en virtude do que o importe total das axudas de minimis concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá de 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

A selección das 20 empresas beneficiarias farase de acordo á puntuación acadada segundo os criterios de valoración establecidos no punto 6.

4. CONTIDO E DURACIÓN DO PROGRAMA

O Programa consiste na aplicación dunha metodoloxía de aceleración de carácter práctico baseada en 3 áreas de traballo coa empresa beneficiaria:

4.1 Itinerarios personalizados

- Titores expertos coñecedores do ecosistema da innovación galega, o desenvolvemento de negocios, tras a realización de diagnoses internas realizadas en conxunto coas empresas deseñarán "Itinerarios personalizados" á medida de cada PEME beneficiaria. De forma preliminar establécense os seguintes itinerarios:
 - ✓ **Innovación aberta e integración de produtos/solucións individuais** en solucións globais fronte ao Coronavirus.
 - ✓ **Reforzo do posicionamento innovador da compañía** a través de obtención de distintos instrumentos como: acreditacións de innovación, certificacións referentes ás normas e directivas para a loita contra o Covid19, posicionamento competitivo, benchmarking de empresa, posicionamento online entre outros.

- ✓ **Comercialización e internacionalización**, a través de ferramentas de venda online, novos métodos de pago ou distribución, acreditacións e homologacións de produto, identificación de mercados potenciais, entre outros.
- ✓ **Captación de socios investidores públicos ou privados**, elaboración e promoción do caderno de vendas, potenciando a captación de financiamento accionistas de referencia, investimentos industriais, capital risco, entre outros.

Dado que o obxectivo concreto deste programa é a comercialización de solucións especializadas estes itinerarios estarán adaptados á fase na que se encontre o produto ou servizo susceptible de contribuír á redución do impacto da COVID-19 na sociedade e poderase concentrar o traballo e o apoio específico en aspectos como os seguintes:

- Conceptualización de produto nas últimas fases: adaptación, prezo, packaging, homologacións e certificacións.
 - Mercados obxectivos: demanda, competidores, mercados nacionais e internacionais.
 - Comercialización: canles de venda, canles de distribución, etc.
 - Comunicación: organización comercial, lanzamento, organización comercial, marketing, campañas de comunicación).
 - Loxística e distribución.
-
- Unha vez definidos os itinerarios personalizados, os mesmos titores apoiarán ás empresas na identificación de provedores e custos asociados á contratación de servizos profesionais externos que cubran total ou parcialmente as necesidades detectadas nos diagnósticos. A selección e a contratación destes provedores será levada a cabo polos promotores do Programa.
 - O equipo promotor do Programa fará o seguimento e control da implementación dos servizos contratados, asegurando a consecución do alcance dos obxectivos definidos nos itinerarios de cada empresa.

Ao tratarse dunha metodoloxía adaptada ás necesidades das empresas participantes o número de sesións de traballo cos titores determinaranse unha vez seleccionadas as empresas.

4.2 Mentorización

- Durante o transcurso do Programa e en paralelo á implementación dos itinerarios as empresas poderán acceder a unha carteira de mentores expertos en diferentes materias para recibir asesoramento específico nalgunha cuestión relacionada cos obxectivos xerais desta iniciativa.

4.3 Formación transversal e capacitación

- Ao longo do Programa organizaranse un mínimo de 4 actividades formativas virtuais (webinars) programadas atendendo a temáticas relacionadas con competencias

comerciais de produtos e servizos innovadores, exclusivas para as empresas beneficiarias do programa e definidas en base ás necesidades transversais.

- Con carácter aberto (non restrinxido unicamente ás empresas beneficiarias) organizaranse dúas xornadas formativas en formato virtual cun carácter eminentemente práctico e temáticas relacionadas con competencias comerciais de produtos e servizos innovadores.

A duración das actuacións asociadas ao Programa será de aproximadamente 4 meses, que se distribuirá de forma previsible en 1 mes para os diagnósticos e a definición dos itinerarios personalizados e algo máis de 3 meses para a súa implementación operativa. As actuacións formativas e as mentorizacións faranse ao longo deses 4 meses.

5. SELECCIÓN DAS EMPRESAS BENEFICIARIAS

Os procesos de avaliación e selección das empresas beneficiarias serán realizados por un Comité Técnico que contará con representantes do Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. e, a petición deste, co apoio da Axencia Galega de Innovación, podendo participar tamén expertos de carácter externo.

As solicitudes presentadas serán avaliadas baseándose na aplicación dos criterios de valoración establecidos no apartado 6 da presente convocatoria.

Para considerar a participación dunha empresa no Programa, esta deberá obter unha puntuación mínima de 50 puntos.

As 20 empresas que alcancen as mellores puntuacións serán as empresas seleccionadas e admitidas no programa.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

As solicitudes recibidas para a participación no Programa serán avaliadas en base aos seguintes criterios e puntuacións.

- a. Impacto da solución proposta sobre os efectos socioeconómicos da COVID-19** (máximo 25 puntos)

Será valorado o alcance da solución que ofrece o produto ou servizo a comercializar ou a reforzar no marco do Programa en canto a reducir os efectos sociais e económicos ocasionados pola COVID-19.

Teranse en conta cuestións como o coñecemento da situación xerada, a problemática a solucionar e a experiencia no ámbito da solución.

b. Grao de innovación (máximo 15 puntos)

Será valorado o grao de innovación competitiva da solución proposta en comparación con solucións existentes. Terase en conta tamén o carácter innovador dos procesos internos e externos da empresa asociados ao produto ou servizo a comercializar (producción, *packaging*, lanzamento, imaxe, etc.).

c. Potencial de implantación no mercado (máximo 25 puntos)

Será valorado o grao de madurez da solución proposta para a súa comercialización, o seu potencial de saída ao mercado e o tempo necesario estimado para que estea dispoñible. Terase en conta ademais o coñecemento e a experiencia da empresa acerca do Mercado obxectivo (destinatarios, competencia, prezos, etc.)

d. Potencial de crecemento (máximo 10 puntos)

Valorarase principalmente a previsión xustificada de vendas a medio e longo prazo (4 anos) do produto ou servizo proposto; a súa versatilidade e a súa sustentabilidade; a previsión no tamaño do mercado accesible e a súa proxección de crecemento; a presenza activa da empresa no mercado.

Crecemento previsto da empresa para os próximos dous anos (2020 e 2021), en termos de incremento tanto do nivel de facturación como do nivel de emprego con referencia ao valor ao inicio do Programa.

e. Capacidade da empresa (máximo 15 puntos)

Valorarase a capacidade e experiencia comercial, produtiva e loxística da empresa no contexto da solución proposta. Terase en conta os perfís do persoal involucrado no lanzamento e comercialización.

f. Motivación (máximo 10 puntos)

Será valorada a motivación para a participación no Programa e os principais resultados esperados en termos de innovación e crecemento; os perfís das persoas de Xerencia e Dirección que participaran activamente nas actividades do Programa, sendo necesario achegar tamén o número de participantes, posición na empresa e porcentaxes de dedicación ao Programa.

Para a valoración será tido en conta exclusivamente o contido da Memoria

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de participación presentaranse vía web, sen necesidade de certificado dixital, a través do formulario accesible desde a web <http://connect19.gal>

O prazo de solicitudes permanecerá aberto **desde o 22/06/20 ata as 00:00h do 10/07/20**.

A través do formulario habilitado as pemes interesadas en participar no Programa terán que presentar a seguinte documentación:

- Memoria (segundo o modelo do Anexo I).
- Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da empresa, o modelo 036 ou 037, segundo proceda.

Calquera solicitude recibida fóra do prazo establecido será rexeitada, a condición de que este non sexa ampliado por decisión da entidade responsable.

Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. poderá solicitar a presentación de documentación adicional para a acreditación de calquera dos datos incluídos no formulario cuberto polas empresas candidatas.

8. RESOLUCIÓN

As solicitudes avaliaranse por orde de presentación e puntuaranse de acordo cos criterios recollidos no apartado 6. Concluída a súa avaliación, procederase a formular a proposta de resolución provisional, que se notificará aos interesados para que expresen a súa aceptación ou renuncia.

A notificación realizarase mediante o envío dun correo electrónico ao enderezo que o solicitante facilitou, para estes efectos, na solicitude de participación, e esta notificación entenderase practicada, para todos os efectos legais, no momento en que se produza o acceso do solicitante ao seu contido. Entenderase outorgada a aceptación do interesado en ausencia de resposta no prazo de tres días naturais desde a recepción da proposta.

Unha vez seleccionadas as empresas, Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. solicitará a estas o enchido e envío da documentación que sexa necesaria para acreditar a súa condición de beneficiaria así como a achega de calquera outra información adicional que poida ser necesaria para garantir a veracidade dos datos achegados e xustificar o cumprimento de todos os requisitos recollidos no apartado 3 desta convocatoria.

A non presentación da devandita documentación facultará ao Parque Tecnolóxico de Galicia a excluír a condición de beneficiario, en beneficio doutra candidatura, se é o caso.

A relación definitiva de beneficiarios será publicada na web do Programa <http://connect19.gal>

9. OBRIGACIÓNS DAS EMPRESAS BENEFICIARIAS

Serán obrigacións das empresas beneficiarias:

- Realizar as actividades previstas no programa durante toda a duración deste.
- Acudir ás actividades nos emprazamentos e nos horarios que se establezan, cumprindo cos requirimentos de dispoñibilidade e mobilidade que isto implica.

- Asumir os gastos derivados dos desprazamentos e axudas de custo que supón a asistencia ás actividades do Programa.
- Facilitar a asistencia e o contacto dos titores co persoal das empresas nas súas instalacións para a realización das sesións de titorización.
- Facilitar os datos e indicadores de resultados obtidos pola empresa nos dous anos posteriores á participación no programa, co obxecto de avaliar o impacto das actividades realizadas nos resultados da empresa.
- Comunicar a Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. calquera incidente que poida afectar de maneira grave ao desenvolvemento do proxecto ou actuación.
- Difundir, na páxina web da empresa, a participación no Programa, mediante a publicación dos elementos determinados por Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

10. SUBMINISTRO E PROTECCIÓN DE DATOS

As empresas solicitantes comprométense a poñer ao dispor de Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. tanta documentación da empresa ou actividade empresarial fose necesaria para o obxectivo desta convocatoria, sempre que estea relacionada coa finalidade desta. A súa negativa inustificada facultará a Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. a excluíla -en calquera momento- desta convocatoria, en beneficio doutra empresa, de ser o caso.

Os datos facilitados polas empresas, referidos a persoas físicas, tanto solicitantes como beneficiarias, serán tratados con suxeición á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e ao Regulamento Europeo 2016/679.

En cumprimento da vixente lexislación, Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. como responsable, informa que a recollida de datos persoais ten como finalidade a realización dunha xestión eficaz das súas actividades. Os datos proporcionados conservaranse mentres se manteña a relación co Programa Connect-19 ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigacións legais. Os datos non se cederán a terceiros salvo á Axencia Galega de Innovación para o desenvolvemento de accións dentro do Programa Connect-19 e nos casos en que exista unha obrigación legal. Os afectados poderán exercer os seus dereitos como interesados fronte a Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., no seguinte enderezo: Parque Tecnolóxico de Galicia s/n, código postal 32900, San Cibrao das Viñas (Ourense) e correo electrónico tecnopole@tecnopole.es.

Así mesmo, en aplicación do sinalado pola Lei de servizos da sociedade da información e comercio electrónico, do 11 de xullo do 2002 (LSSI), o participante mostrará o seu consentimento expreso a Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. para que poida nun futuro, proceder a enviarlle á súa conta de correo electrónico comunicacións publicitarias ou promocionais que poidan ser do seu interese. En calquera momento, poderá revogar o consentimento prestado, coa simple notificación da súa vontade mediante envío dun correo electrónico á conta: tecnopole@tecnopole.es